

Antón Pulido Novoa

Nace no ano 1944 en Bóveda de Amoeiro, Ourense, cidade na que estuda humanidades, filosofía e teoloxía no Seminario Diocesano. Fai varios cursos de música, entre os que sobresaen tres de gregoriano co célebre profesor Padre Manzárraga, na Clerecía de Salamanca. Estuda Maxisterio. Comeza Filosofía e Letras e trasládase a Barcelona, onde dirixe un colexio durante varios anos. Estuda Gravado con importantes profesionais cataláns e debuxa do natural no Círculo Artístico de San Lluç.

Obtén a Licenciatura de Belas Artes –especialidades de Pintura e Gravado- na Universidade de San Jordi (Barcelona) e realiza os cursos de Doutoramento na Universidade de Santiago.

É nomeado profesor de Debuxo e Deseño de Ensino Medio, en Vigo e foi profesor de Másters de Arte impartidos pola Universidade de Oviedo.

Fundou a Academia de Belas Artes *Novoarte* de Vigo, que aínda dirixe na actualidade.

Expuxo, por primeira vez, en 1971, no Museo de Ourense, mostra organizada por Xesús Ferro Couselo. Voltará a expor no mesmo en 1972, cun catálogo prefaciado por Ramón Otero Pedrayo. Desde entón mostrou a súa obra, individual ou colectivamente, en prestixiosas galerías e museos estatais ou internacionais. A súa obra está presente en numerosas coleccións particulares ou institucionais e en museos.

Como gravador editou diferentes carpetas: *O home, A espera, Na penumbra do tempo, Mar I, Mar II, Negro vermello, e A Carón do mar* con poemas de Modesto Hermida.

É recoñecido como un prestixioso retratista e entre os seus retratados sobresaen, ó longo dos últimos cuarenta anos: Ramón Otero Pedrayo (Pazo de Trasalva, Ourense), Francisco Fernández del Riego (Real Academia Galega), Luis Espada Recarey (Reitorado da Universidade de Vigo), Ramón Piñeiro (Consello da Cultura Galega. Santiago).

No ámeto da xestión cultural foi nomeado Director Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, en 1993, e como tal pon en marcha as Feiras de Debuxo, Música Galega e Cerámica Galega, ó tempo que promove novos espazos expositivos en A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e xera os Circuitos Culturais ou os Talleres de Gravado, que coordinarán as Asociacións de Artistas. Reformula a programación da Casa da Parra, de Santiago, que pasa a ser unha das *kunsthallen* máis importantes de Galicia.

En 1994 é nomeado Director do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) de Santiago de Compostela, que contou, no seu equipo inicial, con Gloria Moure e Antón Castro. Levarán a cabo algunhas das exposicións máis prestixiosas de España, ó longo dos anos noventa: Itínere, Christian Boltanski, Giovanni Anselmo, Félix González-Torres, Ana Mendieta, Álvaro Siza, Dan Graham, Laxeiro...

Pon en marcha o Departamento de Música Contemporánea do CGAC, que dirixe o compositor Manel Rodeiro, co que colaborará o recoñecido compositor francés Pierre Boulez, director do IRCAM do Centro Georges Pompidou de París.

Dirixiu e deseñou a Colección, de 30 tomos, *Artistas Galegos*, da editorial Nova Galicia Edicións, de Vigo. Fixo o deseño gráfico das revistas *Cooperativismo e Economía Social* da Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo, *Ágora do Orcellón* e *Viceversa*, da Asociación de Tradutores, o *Libro Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*, o libro *Vigueses Distinguidos*, o *Congreso Homenaxe ó filósofo Mario Bunge*, Premios da Crítica, Premios Lois Peña Novo, Premios Bancelos, Xornadas de Filosofía (Vigo), Concurso de Piano para xóvenes intérpretes (Vigo), a Colección *Raigame*, a Colección *Navarquela* e a Colección *Papuxa* da editorial Ir Indo (Vigo). Deseñou e fixo as ilustracións dos *Seis Poemas Galegos* de Federico García Lorca. Asimesmo fixo máis de trinta portadas de libros para diferentes editoriais e múltiples ilustracións para revistas, periódicos e libros, ademais de logotipos, carteis ou folletos....

É asesor para temas de arte, da *Enciclopedia Galega Universal*.

En 1987 foi invitado pola Generalitat de Cataluña e representou a Galicia nos *Encontros de Antropoloxía e diversidade hispánica*, celebrados no Centro de Superior de Investigacións Científicas de Barcelona, que contaron coa participación de Antonio Saura, Luis García-Berlanga, César Manrique e Baltasar Porcel.

Dictou multitude de conferencias en universidades, museos, institutos de ensino medio, asociacións culturais etc.

Dirixiu a edición da Catalogación Universal da obra do pintor Laxeiro e comisariou a exposición *Vigo é cor*, no Centro Cultural Caixanova, para conmemorar o Bicentenario de Vigo.

É membro dos Patronatos das Fundacións Ramón Otero Pedrayo, Laxeiro, Premios da Crítica de Galicia, Vigueuses Distinguidos, Ínsua dos Poetas e Padroso.

No ano 2006 o Concello de Vigo nomeouno *Vigués Distinguido*, en 2007 o diario *El Correo Gallego* concedeulle o premio *Galego do mes* de febreiro e, en 2008, foi nomeado *Fillo Predilecto* polo concello de Amoeiro (Ourense).

EXPOSICIÓNS

- 1971.-Museo Arqueolóxico, Ourense
- 1972.-Mostra de Arte Galego, Ateneo de Ourense
- 1973.-Museo Arqueolóxico, Ourense
- 1975.-Nova Sala de Arte Caixavigo, Vigo
- 1976.-Museo Arqueolóxico, Ourense
- 1977.-Galería de Arte “Soler Casamada”, Barcelona
- 1977.-Premio de Debuxo Sn. Jordi. Palacio da Virreina, Barcelona
- 1977.-“Pintores actuais”, Galería Soler Casamada, Barcelona
- 1978.-Edita a carpeta de gravados “O Home”.
- 1979.-Edita a carpeta de gravados “Aperta”
- 1980.- Sala de arte Amics de les Arts, Tarrasa, Barcelona
- 1980.-Galería Maite Muñoz, Barcelona
- 1981. Edita a carpeta de gravados “A espera”
- 1981.-Galería Mobar, Barcelona
- 1982.-Mostra de Gravado, Palacio da Virreina, Barcelona
- 1982.-Mosrea de Gravado, Museo Molí, Tarragona
- 1982.-Mostra de Debuxo, Museo de Gerona.
- 1983.-Galería de Arte “Arxiu Tobella”, Barcelona
- 1983.-Sala de arte Caixa de Estalvis de Barcelona, Barcelona
- 1983.-Galería Contratalla, Tarragona
- 1984.-Bienal Internacional de Arte. Deputación de Pontevedra, Pontevedra
- 1986.-Sala de Arte do Concello de Vigo, Vigo
- 1987.-Invitado pola Generalitat, participa con Antonio Saura, Luis García Berlanga, César Manrique e Baltasar Porcel nos *Encontros de Antropoloxía e Diversidade Hispánica* no Centro Superior de Investigacións Científicas. Barcelona
- 1989.-I Mostra Unión Fenosa. Estación Marítima. A Coruña
- 1990.-Sala de Arte “Durán Loriga”, Coruña
- 1990.-III Mostra “Imaxes a Carón da Aula”, Vigo e Pontevedra.
- 1991.-Casa da Parra. Santiago de Compostela
- 1991.-IV Mostra “Imaxes a Carón da Aula”, Vigo e Pontevedra
- 1992.-Galería de Arte “Severo Pardo”, Vigo
- 1993.-Galería de Arte Conde Duque”, Madrid
- 1996.-“Mitoloxías”, Universidade Autónoma de Madrid, Madrid
- 2000.-Casa de Galicia, Madrid
- 2001.-Casa da Parra, Santiago de Compostela
- 2001.-Museo Provincial de Ourense, Ourense
- 2001.-Casa das Artes, Vigo
- 2002.-Edita a carpeta de gravados “O Mar”
- 2003.-Edita a carpeta de gravados “O Mar II”
- 2007.- Galería “Jia Art Gallery” de Taipei, Taiwán
- 2008.-Centro Social Caixanova, Vigo
- 2008.-Museo Deputación de Ourense,Ourense
- 2008.-Feira BEIJING FAIR ART, Beijing
- 2008.-Feira SHANGHAI ART FAIR 2008, Shangai
- 2009.-Feira KIAF/09 SEUL, KOREA

2009.- Galería MYOUNG GALLERY , Seúl, Korea
2010.- Feira SOAF SEUL, KOREA
2010.-“Vigo é Cor”, Centro Cultural Caixanova, Vigo
2011.-Feira de Arte Contemporaneo “Puro Arte”, Vigo
2011.- Embaixada de Exipto en Roma
2011.- Galería Casiopeia, Roma
2013.-Museo de Pontevedra, Pontevedra